



INSTITUCIONAL

## A Comisión Executiva do Consorcio de Santiago avanzou nas grandes cifras e nas liñas xerais dos orzamentos do ano 2023Construcción

A Comisión Executiva do Consorcio de Santiago reuniuse o pasado día 26 na sede do Consorcio para tratar as liñas xerais e as grandes cifras dos orzamentos 2023 da institución interadministrativa.

Así mesmo, nesta xuntanza, aprobouse o plan de aforro enerxético e de teletraballo do persoal do Consorcio, ademais doutros asuntos de trámite tales como modificacións orzamentarias.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/comision-executiva-do-consorcio-de-santiago-avanzou-nas-grandes-cifras-e-nas-linhas-xerais-dos->



PUBLICAÇÕES

## O Consorcio presenta tres novos libros sobre diversos aspectos da historia de Santiago



Nas últimas semanas o Consorcio de Santiago presentou en sociedade tres publicacións diferentes que presentan aspectos da historia compostelá.

'ComPOStela, música moderna en Santiago (1954-1978)'<sup>(1)</sup>, de Alfonso Espiño Louro, repasa a música moderna en Santiago. Por outra parte, o libro 'Dinero y crédito en Santiago de Compostela (1768-1809)'<sup>(2)</sup> de Francisco Cebreiro Ares explica o sistema financeiro da cidade no século XVIII.



Por último, o día 19 presentouse '*Deber de Baltar. Medicina e compromiso*'<sup>(3)</sup>, o catálogo da exposición dedicada á familia Baltar que foi inspirada pola novela 'Un señor elegante' de Suso de Toro e deseñada e comisariada por Pepe Barro.

MÚSICA

## A Real Filharmonía ofrecerá en outubro tres fermosos programas con estreas absolutas, Cineuropa e piano

Logo duns primeiros concertos con moito éxito, a Real Filharmonía de Galicia ofrecerá en outubro tres novos programas da súa temporada 'Escoitar o Mundo'. O primeiro deles levará por título Auga Salgada e será dirixido por Maximino Zumalave e Jaime Naya será o solista. Nel estrearase a obra de Xabier de Paz Tra l'acqua salata. O segundo deles, o día 17, será o tradicional concerto de Cineuropa no que se proxecciónará a obra Foolish Wives. Será ademais a estrea en Europa da restauración desta película e a música.

Novembro despedirase co concerto 'Inspiración' dirixido por Paul Daniel e con Tom Borrow como solista ao piano nun concerto que forma parte do Ciclo de piano Ángel Brage.

Toda a información sobre a programación da Real Filharmonía en <http://www.rfgalicia.org/gl/programacion/>

[www.rfgalicia.org](http://www.rfgalicia.org)

ESCOITAR  
O MUNDO  
REAL  
FILHARMONÍA  
DE GALICIA  
TEMPORADA DE  
ABONO 2022-23  
AUDITORIO DE GALICIA

